

CAMPAMENTOS URBANOS

VERÁN 2021



proyecto
Bululú
CULTURA, EDUCACIÓN Y OCIO



INFORMACIÓN SOBRE COVID - 19 E A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE LECER EDUCATIVO.

Para a posta en marcha dos campamentos de verán 2021, Proyecto Bululú seguirá as directrices marcadas polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, e da Xunta de Galicia, en relación a celebración de actividades de lecer educativo xuvenil nas diferentes fases de desescalada e volta á normalidade, en función da evolución xeral e territorial do Covid-19.

Para este fin implementará, en todas as actividades de lecer educativo, estratexias e protocolos de actuación así como condicións de participación nas actividades,

co obxectivo de preservar a saúde e seguridade das persoas usuarias e traballadores/ as no ámbito da educación non formal. Establecerase tamén un protocolo de prevención e actuación en caso de contaxio positivo en Covid-19.

Ambos protocolos serán postos en coñecemento das familias e o persoal recibindo este último formación específica sobre a implementación dos protocolos nas actividades e as medidas de protección sanitaria necesarias para o desenvolvemento das súas funcións.

CAMPAMENTOS URBANOS VERÁN 2021

SEDE

ANPA Faro-CEIP Victor López Seoane (Xuño, Xullo e Agosto)

PERSOAS DESTINATARIAS

Nenos e Nenas nados/as entre 2009 y 2017

HORARIOS

De 10.00 a 14.00 h. - De 9.00 a 14.00 h.

(suxeito a grupo mínimo de 9 nenos/as por quenda)*

* O campamento será de luns a venres. Os días festivos non haberá campamento.

QUENDAS	TEMÁTICA	COTA ATENCIÓN EDUCATIVA 10:00-14:00 h	COTA ATENCIÓN EDUCATIVA 09:00-14:00 h
Quenda 1 Do 28 de xuño ao 2 de xullo	Unha viaxe moi espacial	60 €	70 €
Quenda 2 Do 5 ao 9 de xullo	Imos de Olimpíadas	60 €	70 €
Quenda 3 Do 12 ao 16 de xullo	Menudo Circo!	60 €	70 €
Quenda 4 Do 19 ao 23 de xullo	Aventura no Nautilus	60 €	70 €
Quenda 5 Do 26 ao 30 de xullo	Son un/una artista	60 €	70 €
Quenda 6 Do 2 ao 6 de agosto	Escola de maxia	60 €	70 €
Quenda 7 Do 9 ao 13 de agosto	Exploradores/as intrépidos/as	60 €	70 €
Quenda 8 Do 16 ao 20 de agosto	Unha tribu moi especial	60 €	70 €
Quenda 9 Do 23 ao 27 de agosto	Unha torre de lenda	60 €	70 €
Día solto		13 €	15€

DESCONTOS

- **Familias Numerosas (acreditando Carné Plan + Familia de AGAFAN ou carné da Xunta):** 10% a aplicar sobre o importe final ao apuntarse dous ou máis irmáns/á a unha mesma quenda.
- **Irmáns/ás:** 10% a aplicar sobre o importe final ao apuntarse dous ou máis irmáns/á a unha mesma quenda.
- **Socios da ANPA Faro (acreditando o carne de socio da ANPA Faro):** 10% a aplicar sobre o importe final.

Os descontos **en ningún caso**, serán acumulables entre si.

INSCRICIÓN

Do 7 ao 14 de xuño. Directa, sen sorteos, ata cubrir prazas.

Prazas limitadas a 45 prazas/quenda en xuño, xullo e agosto.

A través da web www.proyectobululu.es enchendo o formulario de inscrición.

<https://proyectobululu.es/ocio-y-tl/campamentos/inscripcion>

As prazas asignaranse por rigorosa orde de inscrición dacordo coa recepción do formulario de petición de prazas.

LISTA DE ESPERA

Unha vez cubertas todas as prazas nunha quenda, habilitarase unha lista de espera. En caso de quedar vacantes, avisarase telefonicamente ás persoas solicitantes por orde de inscrición.

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

1. Ter a idade esixida para participar nos campamentos. Deberán acudir con roupa cómoda y deportiva. Cada participante traerá a súa propia merenda nunha bolsiña/recipiente de carácter individual: Dita merenda no poderá ser compartida con ningunha outra persoa participante no campamento.
2. Os datos que se reflectan no formulario de inscrición serán certos na súa totalidade. De non ser así, suporá a perda da praza.
3. Unha vez formalizada a inscrición non se terá dereito ao reintegro da cota, salvo causas de forza maior, xustificadas, a valorar pola empresa organizadora, Proyecto Bululú S.L
4. Para poder conformar grupo en calquera das quendas do campamento deberá de haber un mínimo de 9 participantes. De non conformarse grupo, retornarase o importe correspondente.

Diversión, convivencia, aventuras, excursións, amizade, obradoiros, deportes, valores, historias, descubrimentos, contos, obradoiros artesanais, creatividade, ilusión... por todo iso e moito máis... **apúntate!**

TEMÁTICAS

Quenda 1: Unha viaxe moi espacial. Do 28 de xuño ao 2 de xullo (5 días lectivos). Unha aventura contra reloxo a bordo dunha peculiar nave espacial que nos levará a descubrir os planetas, satélites, astros e as estrelas... E que mostrará como se ve a Terra desde o espazo exterior. Sube con nós a esta tola aventura cara a conquista do Universo.

Quenda 2: Imos de Olimpíadas! Do 5 ao 9 de xullo (5 días lectivos). Cada catro anos os/as deportistas de todo o mundo reúnen nunha cidade para amosar que o deporte é compartir, coñecer e relacionarse coa xente. Correr, saltar, rir ou chorar convértese en sensacións difíciles de explicar cando estás nunha Olimpíada. Atrévete a participar nas nosas?

Quenda 3: Menudo Circo! Do 12 ao 16 de xullo (5 días lectivos). Pasen e vexan! O circo Bululeiro chegou a cidade!. Cargado de emocións, ilusión, diversión e sorrisos. Trapecistas e funambulistas. Equilibristas e malabaristas. Paiasos/as e domadores/as. Convértete no/a protagonista do máis divertido e fantástico circo do mundo. O Circo Bululeiro!

Quenda 4: Aventura no Nautilus. Do 19 ao 23 de xullo (5 días lectivos). "Capitán!!! Todo o equipo preparado para a inmersión". A bordo do Nautilus viaxaremos a través das profundidades mariñas para atopar especies fabulosas, lugares para soñar, perigos que acochan... Soamente os grandes exploradores do fondo do mar, poderán demostrar que o que alí se atopa supera todo o imaxinable.

Quenda 5: Son un/una artista. Do 26 ao 30 de xullo (5 días lectivos). Picasso, Artemisia Gentileschi, Van Gogh, Maruja Mallo, Leonardo, Kandinsky. Todos/as estes/as artistas foron una vez pequenos/as e atoparon un marabilloso mundo de cores. Convértete con nós nun/nunha artista e crea as túas propias obras.

Quenda 6: Escola de maxia. Do 2 ao 6 de agosto (5 días lectivos). Benvidos/as a Buluwarts!!!: Fostes seleccionados para formar parte da marabillosa Academia de Magos/as. Aprenderedes a elaborar pocións, a facer encantamentos, trucos, feitizos... para ser un/unhas auténticos/as magos/as. A valentía, a nobreza, a intelixencia e a astucia serán as vosas aliadas nesta marabillosa viaxe. Aceptades o reto?

Quenda 7: Exploradores/as intrépidos/as. Do 9 ao 13 de agosto (5 días lectivos). Que pasaría se te perdeses no medio do bosque?. Atopa ao seus máis asombrosos habitantes, as súas máis emocionantes historias e os trucos máis estranos para poder sobrevivir nun lugar cheo de misterios.

Quenda 8: Unha tribu moi especial. Do 16 ao 20 de agosto (5 días lectivos). Pluma Branca, Toro Sentado, Esquíu Veloz son solo algúns dos nomes que tiñan nas súas tribus. A tribu India sempre se caracteriza por amar a Natureza, por defender os seus costumes e tradición e por ter un estilo de vida propio. Ven a "facer o/a indio/a" con nós Animáste? Hao!!!

Quenda 9: Unha Torre de lenda. Do 23 ao 27 de agosto (5 días lectivos). A Torre de Hércules é o símbolo da nosa cidade. Descubre un asombroso mundo de historias e lendas sobre ela e transpórtate a unha época onde os xigantes e as aventuras épicas formaban parte do día a día.



proyecto
Bululú
CULTURA, EDUCACIÓN Y OCIO
Sorpresas con contenido



proyectobululu@gmail.com
proyectobululu.es



anpafaro@hotmail.com
anpafaro.wordpress.com